



NOTIFICACIÓN

Expediente	2021001424
Asunto	Notificación rectificación Nivel Celga

Con data de 10/05/2021 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 10/05/2021 e que literalmente transcrito di:

“Mediante resolución de data 16/04/2021 apróbase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección de dúas prazas de chófer mecánico con carácter de persoal funcionario en réxime de interinidade.

Resolución na que, entre outros, figuran os aspirantes que se relacionan:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
<i>CAGIAO MARTINEZ, IVAN</i>	<i>***8181**</i>	<i>SI</i>
<i>SOTO TORRENTE, ROBERTO</i>	<i>***0379**</i>	<i>SI</i>

Porén, e por mor dun erro, as persoas citadas non posúen a titulación de Celga requirida (nivel III): don Ivan Cagiao Martínez non achega nivel de Celga e don Roberto Soto Torrente achega Celga nivel II.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción do seguinte acordo:

Rectificar a resolución de data 16/04/2021 no seguinte sentido:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA
(...)		
CAGIAO MARTINEZ, IVAN	***8181**	NON
(...)		
SOTO TORRENTE, ROBERTO	***0379**	NON
(...)		

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada asimesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.*”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral